

CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

PRACTICUM CURSO 2005-2006

O Practicum constitúe unha das materias troncais do Plano de Estudos de Licenciado en Dereito (2003), con unha carga lectiva de 15 créditos.

Para a superación da materia Prácticum é preciso realizar dous tipos de actividades:

- a) Prácticas internas: A través de resolución de dous casos prácticos (no caso de alumnos adaptados do Plan de 1953, pode ser, según a situación de cada ún que so sexa preciso realizar un caso práctico, ou incluso ningún, en función das materias que se tiveran superadas polo Plan de 1953).
- b) Prácticas externas: A realizar en despachos, oficinas, etc de aqueles profesionais ou institucións que teñan suscrito o oportuno convenio coa Universidade para tal efecto.

De cara a adxudicación de prazas para que os alumnos matriculados no Practicum podan realizar as prácticas externas

RESOLVO

1.- Convócase procedemento para a adxudicación de prazas para a realización de prácticas externas correspondentes ó Practicum, con arreglos as seguintes regras:

Regra.01 Institucións colaboradoras

Os alumnos soamente poderán realizar as prácticas externas (8 créditos) en institucións colaboradoras coa USC, no marco do correspondente convenio firmado expresamente para este fin. A cada alumno asignaráselle un titor na entidade colaboradora para a realización das prácticas.

Calesquera outras practicas realizadas fora desta convocatoria oficial non poderán ser imputadas ao *Practicum*, sen prexuízo de que podan ser consideradas como créditos de libre configuración. En concreto serán considerados como créditos de libre configuración os correspondentes ás prácticas desenvoltas a través dos programas de prácticas en empresas xestionados polo Consello Social.

Regra.02 Duración

A duración das prácticas externas, será de 80 horas realizándose durante 4 semanas a razón de 20 horas cada semana, 4 horas cada día. Nembargantes, a través de acordo expreso do alumno e do responsable da entidade colaboradora poderá acordarse unha distribución diferente da carga horaria, garantindo, en todo caso, a duración total de 80 horas.

Regra.03 Datas

As prácticas externas poderán realizarse, entres os meses de novembro, a xullo, según a dispoñibilidade de cada Institución colaboradora, tal como figura no ANEXO a esta resolución.

Regra.04 Realización das prácticas e memoria.

As prácticas externas únicamente poderán realizarse unha vez, na institución que se asigne. Para a súa superación deberá acreditarse, ademais do aproveitamento, valorado polo titor sinalado por aquela, unha asistencia a cando menos o 80% das horas programadas

Opcionalmente, os alumnos poderán elaborar unha memoria-resumen das actividades realizadas e dos coñecementos adquiridos durante o período de prácticas externas. A realización da mesma incrementará en un punto a cualificación acadada nas mesmas.

Tal como se estableceu na resolución de 18 de xullo de 2005, a cualificación das prácticas externas efectuada sobre 10, representará o 30 % da cualificación final do Prácticum.

Regra.05 Elección de institución e distribución temporal das prácticas

A elección da institución e do período de prácticas realizarase nun acto público que terá lugar o vindeiro martes 25 de outubro, ás 19:00 horas na aula NOVA.

A asignación de institución e períodos de prácticas farase seguindo os seguintes criterios:

a) Os alumnos matriculados, ou que teñan pensado matricularse no Practicum, serán chamados pola orde da puntuación media do seu expediente.

- Os alumnos que xa tiveran formalizada a matrícula antes do día 24 de outubro non terán que aportar documentación ningunha, xa que a nota media será suministrada directamente polos servicios de xestión académica.

- Aqueles alumnos que aínda non tiveran formalizada a matrícula no Practicum antes do 24 de outubro, deberán aportar no momento da elección un documento que acredite a nota media do seu expediente académico. En caso contrario só poderán escoller praza unha vez que o teñan feito todos os xa matriculados ou os non matriculados que acreditasen a nota media.

b) Cando sexa chamado cada alumno escollerá a institución e o período de prácticas que considere mais axeitado dentro das que se atopen vacantes no momento do seu chamamento.

c) Aqueles alumnos que non podan asistir á reunión na data e hora sinaladas poderá autorizar por escrito a outra persoa para que faga a elección no seu nome.

d) Os alumnos que non se atopen presentes ou representados na reunión sinalada poderán solicitar con posterioridade que lles sexa adxudicada algunha das prazas que resultaron vacantes. Para estes casos atenderase á data da solicitude.

Regra.06 Reservas de prazas para alumnos en programas de mobilidade.

Co obxecto de que os alumnos que se atopan cursando estudos en outras Universidades o abeiro de programas de mobilidade poidan realizar as prácticas externas, reservaranse prazas no mes de xullo para estes alumnos.

Santiago de Compostela a 20 de outubro de 2005.

O DECANO

Antonio López.

DILIXENCIA

Para facer constar que a presente convocatoria foi publicada no taboleiro de Anuncios da Facultade o día 20 de outubro de 2005

O DECANO

Antonio López Díaz